



*Camilo  
Nogueira*

*Programa  
Eleitoral*

# **Galiza** CON VOZ PRÓPRIA EN **Europa**

# INDICE

---

<b>I.</b>	<b>GALIZA ANTE A UNIÓN EUROPEA</b>	<b>3</b>
<b>II.</b>	<b>PROPOSTAS INSTITUCIONAIS</b>	<b>5</b>
1	A presenza de Galiza na Unión Europea	5
2	A concepción da Unión Europea	7
3	Política lingüística e cultural	8
4	As relacións con Portugal	9
<b>III.</b>	<b>PROPOSTAS ECONÓMICAS E SOCIAIS</b>	<b>10</b>
1	A política sobre os Fondos estruturais e o Fondo de Coesión	10
2	A Política Agrária	11
3	A política pesqueira	15
4	As redes transeuropeas (RTE): transportes, telecomunicacións, enerxía	18
5	A política industrial	20
6	A investigación e o desenvolvemento	21
7	A política de crecemento económico e creación de emprego	22
8	A protección da saúde	25
9	As políticas educativas na Unión Europea	26
10	A protección do meio ambiente	27
11	A igualdade entre homes e mulleres	27
12	A política para a mocidade	29
13	A defensa do estado do benestar e dos dereitos democráticos e sociais	30



## I. GALIZA ANTE A UNIÓN EUROPEA

### I. GALIZA ANTE A UNIÓN EUROPEA

No proceso de emancipación de Galiza como nación, a presenza no Parlamento Europeo dunha representación galega constitue unha necesidade insoslaíábel. A entrada do BNG na institución representativa da UE suporía un avance transcendental despois de ter conseguido en 1996 a presenza directa no Parlamento do Estado español e lograda en 1997 a condición de alternativa de goberno nas institucións autonómicas, posibilitando todo isto a creación dun espazo político de debate para a estruturación dun Estado plurinacional.

Con esta conciencia, o BNG presenta-se ás eleccións do 13 de xuño de 1999, como a candidatura galega. A única candidatura galega, tanto por estar formada integramente por galegos e galegas como, moi especialmente, por ser a única que no seu programa fala dos problemas e das aspiracións e reivindicacións da sociedade galega e de Galiza como nación.

A presenza do nacionalismo galego nas institucións da UE producirá-se cando as circunstancias deste tempo, coa transnacionalización da economía, o avance tecnolóxico, o extraordinario progreso das comunicacións, traen consigo unha transformación das condicións da soberanía dos estados e das aspiracións emancipadoras das nacións sen estado, con consecuencias aínda incertas e, en todo caso, non predeterminadas. Cando se enfrontan no mundo, nunha dialéctica singular, un neoliberalismo ao servizo dos grandes estados e dos poderes económicos transnacionais, negador da soberanía dos povos, e un proxecto democrático universal, no que se inscriben as posicións políticas do BNG, baseado na liberdade e soberanía das nacións, na igualdade e na solidariedade entre os povos, e a prol dos dereitos individuais e colectivos. Neste contexto, a construción da Unión Europea afecta nun duplo senso ás nacións sen estado como Galiza que aspiran á autodeterminación. Modifica, por unha banda, o alcance de contidos centrais da soberanía tradicional, desprazando decisións políticas dese nivel cara a instancias carentes de lexitimación democrática directa ou mesmo de toda lexitimación popular. Por outra banda, na medida en que conleva a cesión de competencias a institucións supraestatais, sitúa a loita pola liberación nacional nun contexto máis amplo, cheo de contradicións non sempre controlábeis polo Estado español. Estas circunstancias exixen unha acción supraestatal específica de Galiza como nación e consecuentemente do BNG, considerando a Unión Europea como un espazo próximo de relación e un novo territorio político onde a nación galega exerza a súa vontade de autodeterminación.

O BNG propugna a estruturación dunha Unión Europea independente, non enfeudada ao poder e ás atitudes imperialistas dos EEUU, estando en contra, polo tanto, da subordinación dos estados membros que a compoñen ás posicións políticas da OTAN, e defende a necesidade de solucionar os problemas nacionais históricos europeos, tal como os balcánicos e en concreto a autodeterminación do povo kosovar, por métodos pacíficos e baixo a autoridade da ONU.

As posicións do BNG responden a unha proposta política alternativa á dunha Europa dos Estados e dos intereses económicos dominantes, que se construe sen contar coa participación democrática directa dos povos e nega Galiza como nación. As posicións do BNG están centradas, especialmente, na defensa dos intereses da sociedade galega fronte ás agresións da política económica e social da UE e do Estado español en relación con actividades ou necesidades fundamentais da economía galega, como a construción naval, a pesca, a produción láctea ou as grandes vías de comunicación.

As posicións do BNG fixeron-se explícitas nas campañas realizadas en defensa dos sectores produtivos galegos e fronte a un Tratado de Maastricht que respondeu á política do capital transnacional actuante como un poder supraestatal, ditando unha política económica neoliberal e contraria ao desenvolvemento económico autocentrado dos povos europeos, con efectos negativos directos sobre a economía galega. O BNG mantivo unha posición crítica cun Tratado de Maastricht que non resolveu o déficit democrático das institucións europeas e instituíu unha unión económica e monetaria que, pretendendo só a converxencia dos índices macro-económicos dos Estados, deu lugar a unha fúria ideolóxica e material contraria ao estado do benestar, que conduciu ao abandono de investimentos en infraestruturas básicas, á privatización cega das empresas públicas e, en xeral, a políticas contrarias a logros básicos do estado do benestar, nunha política que afectou moi negativamente a Galiza.

A posta en marcha da unión económica e monetaria e, dentro dela, a moeda única, coa conseguinte perda de soberanía por parte dos Estados, acentúa o alonxamento político e físico das institucións desde as que se tomarán decisións que afectan ao conxunto da vida económica e social dos estados e nacións europeas, sen que esa distancia sexa compensada por novas institucións de procedencia inequivocamente democrática. A realidade da unión económica e monetaria reduce o alcance da política económica do Goberno central do Estado, tornando aínda máis urxente a necesidade dunha acción política galega que responda a obxectivos propios dun proxecto nacional.

A acción do BNG no Parlamento Europeo proporcionará un medio imprescindíbel para a defensa dos dereitos e intereses económicos, sociais e culturais galegos, especialmente agredidos desde o ingreso do Estado español na CE en 1986.

As eleccións europeas teñen lugar despois dun xa longo período de trece anos de pertenza de Galiza á Comunidade Europea, nos que a sociedade galega sufriu unha experiencia globalmente desfavorábel. Así, a renda por habitante galega mantén-se conxelada no 60% da renda comunitaria e Galiza forma parte dos vinte e cinco territorios menos desenvolvidos entre os 179 territorios da Unión Europea. A taxa de paro oficial galega do 18.4% supera con moito o 11% da xa alta taxa media da UE, todo como consecuencia dun proceso de dependencia e marxinação que, a diferenza do ocorrido no conxunto do Estado español, deu lugar á diminución das taxas de actividade e de ocupación e constituíu unha causa principal da negativa evolución demográfica do país.

O BNG sabe que as causas políticas desta evolución non son só responsabilidade da política da Comunidade Europea. A CE contou coa colaboración do Goberno do Estado e do Goberno Galego, coautores dunha política que ignorou as aspiracións e necesidades de Galiza, marxinando-a tanto no desenvolvemento dos sectores produtivos como na modernización das vías de comunicación e negando-lle mesmo unha parte decisiva dos Fondos estruturais europeos que lle debían corresponder.

A negativa tendencia da evolución da economía galega coincide, por outra parte, coa propia do conxunto da Comunidade Europea. Nos últimos anos consolidáronse ou incrementáronse na CE as desigualdades sociais e o desequilibrio existente entre os territorios centrais e periféricos. A renda por habitante dos territorios máis desenvolvidos chega a ser cinco veces superior á propia dos menos desenvolvidos. Os vinte e cinco territorios menos afectados polo paro teñen un desemprego medio do 4,6 %, mentres que os vinte e cinco máis afectados sufren-o no 22,4 % da poboación activa. O desemprego afecta especialmente á mocidade, ás mulleres e aos traballadores máis necesitados por contaren con menor cualificación. De feito asiste-se a unha forte concentración das oportunidades de traballo e da propia poboación

nos países centrais da Unión. Case todos os territorios que presentan un maior dinamismo demográfico, e desde logo todos os que presentan un maior crecemento do emprego, están entre os territorios que experimentaron un crecemento do Produto Interior Bruto superior á media da UE.

Está-se, pois, nun momento no que sería necesaria unha política da Unión Europea orientada no senso da coesión social e o equilibrio territorial. Mais os pasos dados ultimamente pola Unión Europea non camiñan nesta dirección. A Axenda 2000, na que se define o orzamento e o marco financeiro para os próximos sete anos, a ampliación da UE, (incorporando seis novos Estados: Chipre, Polonia, Hungría, República Checa, Eslovenia e Estonia), e o conxunto de políticas da Unión, especialmente as referentes aos Fondos estruturais e á Política Agrícola Común, non tende a remediar a diverxencia social e territorial. Pola contra, a Axenda está baseada nunha política regresiva, senón reaccionaria, precisamente cando máis necesaria sería unha política de coesión, con novos compromisos e avances políticos. As súas previsións supoñen a conxelación do Orzamento comunitario, reducindo-o a un máximo do 1,27 % do Produto Interior Bruto (PIB) da Unión. De feito a conxelación presupostaria, tendo en conta as necesarias axudas preadesión para os novos Estados membros, dará lugar a un deterioro do saldo orzamentario para cada un dos actuais Estados membros da UE. As perspectivas financeiras da Axenda supoñen mesmo unha redución do gasto orzamentario en comparación co previsto para 1999.

Nesta situación, a acción do BNG no Parlamento Europeo e nas institucións da UE responde ás seguintes propostas político-institucionais, económicas e sociais.

## **II. PROPOSTAS INSTITUCIONAIS**

---

### **1. A presenza de Galiza na Unión Europea**

O BNG contribuirá a impulsar unha estratexia destinada ao recoñecemento das nacións sen estado e, en particular, a conseguir a súa presenza e participación nas decisións que afectan ás súas competencias de autogoberno nacional e aos seus intereses específicos.

Os acordos xa establecidos entre Galiza, Euskadi e Cataluña na perspectiva do Estado plurinacional deben constituir o inicio e un modelo para accións conxuntas na Unión Europea con nacións doutros Estados: Escocia, Gales, Flandes, Bretaña, etc. e con países sen estado de entidade política relevante que manteñen aspiracións de presenza directa nas estruturas executivas centrais da UE.

O BNG non considera como un organismo adecuado para a participación das nacións sen estado ao Comité das Rexións aprobado no Tratado de Maastricht, por non ter-lle sido outorgado máis que un limitado carácter consultivo, non tendo os seus ditames ningún carácter vellentante para o Consello Europeo ou a Comisión da Comunidade Europea.

O recoñecemento da pluralidade e diversidade dos povos e nacións que compoñen a Unión Europea exige consecuentemente a necesidade de desenvolver canles para a súa participación no proxecto común de construción da Unión Europea.

O BNG considera necesaria a intervención de Galiza e, en xeral das nacións do Estado español, nas institucións europeas e internacionais através de distintos mecanismos que se corresponden co momento presente da estruturación da Unión:

- A participación do executivo galego nos órgaos e nas institucións da Unión nas que existan delegacións estatais -principalmente no Consello de Ministros de Europa e no Consello de Representantes Permanentes dos Estados- e que traten cuestións relacionadas coas competencias estatutarias das respectivas nacións.
- A lexitimación do dereito de acción perante o Tribunal de Xustiza na medida en que as propias competencias se vexan atinxidas polas medidas tomadas pola Unión Europea, incluíndo o dereito a acudir ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea para recorrer actos das Institucións da Unión ou dos Estados Membros ou de terceiros países que atenten contra os intereses das nacionalidades violando o ordenamento xurídico comunitario, e a dirixir a defensa dos seus actos ou accións cando estes sexan cuestionados nas Institucións Europeas.
- O estreitamento de relacións entre os Parlamentos nacionais e o Parlamento Europeo, favorecendo en particular os encontros e os marcos de relación entre os euro-deputados das nacións sen estado e as súas Cámaras.
- A arbitrase de canles de participación das institucións galegas nas negociacións dos Tratados Internacionais que afecten as súas competencias.
- A presenza de representantes do Goberno galego na delegación do Estado español que participe nas Conferencias Intergubernamentais para a reforma institucional europea. Neste senso, o BNG contribuirá a impulsar a elaboración dunha aportación para o proceso de modificación do Tratado da Unión Europea previsto antes da próxima ampliación ao Centro e ao Leste de Europa, que inclúa un recoñecemento dos povos e nacións europeas que carecen dun Estado propio, e que aprofunde na participación dos mesmos no proceso de integración europea.
- O establecemento de mecanismos de consulta previos ás nacións do Estado español en relación coas reunións do Consello Europeo, cando se traten materias que atinxen ao seu ámbito competencial.
- O axuste das institucións comunitarias ao principio de subsidiariedade no senso de que as decisións se tomen e executen o máis perto posíbel do cidadán e no respecto á estrutura político-administrativa dos Estados membros. En aplicación deste principio, o BNG considera necesario:
  - A adaptación da normativa comunitaria, de forma que ao se referir á transposición ou execución estatal da mesma, faga expresa referencia ao nivel da nacionalidade respectiva cando este nivel sexa competente para a transposición ou execución consoante co ordenamento xurídico interno de cada Estado.
  - A aplicación e xestión das políticas comunitarias no plano administrativo máis descentralizado posíbel, tendo en conta as competencias dos poderes subestatais e da organización política-administrativa dos Estados membros.
  - O establecemento dun sistema de información que forneza a Galiza e ás demais nacións información polo miúdo dos proxectos e dos debates no seo da Unión Europea que afecten aos seus intereses.
  - A participación directa en todos os comités da Comisión Europea cando se traten asuntos que sexan competencia da Xunta de Galiza.
  - A presentación, decisión, xestión e control a nivel autonómico galego dos planos, programas e instrumentos de financiamento estrutural comunitario.
  - A recepción directa pola Xunta de Galiza das axudas comunitarias que se desenvolven no ámbito das súas propias competencias.

O BNG considera indispensable o establecemento de circunscricións propias para as nacións nas eleccións europeas. O proceso aberto para a elaboración dunha lei electoral uniforme desde as institucións

europas permite abordar o establecemento dunhas circunscricións máis acordes coa representación dos povos europeos, que faciliten, por outra banda, unha mellor relación entre cidadáns e cidadás e representantes eleitos. A constitución de circunscricións propias para as nacións é un paso fundamental para asegurarmos a necesaria representación de todos os povos e nacións que integran a Unión Europea.

## **2. A concepción da Unión Europea**

O BNG propugna unha Unión Europea defensora dunha política que preserve a democracia, a economía sostíbel como obxectivo futuro, a sociedade do benestar como elemento de xustiza social e a subsidiariedade como instrumento de achegamento ás demandas reais dos cidadáns e cidadás. Unha democracia que afortalea a capacidade de control e impulso do Parlamento Europeo en relación coa Comisión e o Consello Europeus, con capacidade lexislativa en todas as materias, respectando as competencias dos Parlamentos nacionais, entre eles o Parlamento de Galiza, incrementando a transparencia na toma de decisións, e corrixindo o déficit democrático existente nas institucións da Unión.

O BNG defende unha Unión Europea participativa, plenamente democrática, baseada na integración e non na exclusión, como conxunto e suma das identidades nacionais e do respecto á pluralidade económica, cultural e lingüística. Unha Unión Europea dotada de mecanismos e garantías de participación política, baseada na paz, na defensa do medio ambiente e no dereito ao traballo, que comece no Urais e remate na Fisterra. Unha Unión Europea dos povos na que se recoñezan os dereitos de Galiza como nación. Unha Unión Europea política, social e cultural, e non só económica e monetaria.

Quere unha Unión Europea que desenvolva unha defensa activa dos dereitos humanos e de igualdade entre os povos, loite contra toda discriminación, racial, étnica ou social, favoreza a integración dos e das inmigrantes, regule e garanta o dereito de asilo, defenda unha acción destinada a conquistar e exercer os dereitos das mulleres impulsando na práctica as políticas igualitarias e promova unha política destinada a resolver os problemas específicos da mocidade, especialmente o desemprego e o acceso digno á vivenda.

O BNG, de acordo coa súa posición sobre a política internacional e a respecto dos países excluídos e das economías marxinas do mundo subdesenvolvido, asume como unha prioridade na súa acción desde as institucións da Unión Europea, a defensa dunha política baseada na soberanía dos povos e contraria á marxinação, a xerarquización desigual e agresiva e ao imperialismo. Unha política que permita o desenvolvemento dos sectores produtivos autóctonos, un comercio internacional fundamentado en xustas relacións de intercambio, o combate da pobreza e a redistribución da riqueza, así como o favorecemento de sistemas internos de goberno con alternativas sociais igualitarias e xustas.

Aposta por unha Unión Europea que pratique unha política de cooperación co desenvolvemento dos máis pobres, marxinaos e excluídos, baseada nunha relación de xustiza e solidariedade e que constitua un dos eixos principais da súa política exterior.

O BNG defende unha Unión Europea política, social e cultural, e non só económica e monetaria, dotada de mecanismos e garantías de participación política, fundamentada na integración e non na exclusión, como conxunto e suma das identidades nacionais e do respecto á pluralidade económica, cultural e lin-

guística, baseada no dereito ao traballo, na defensa do medio ambiente, na paz e en principios anti-militaristas.

Pretende que a construción europea se realice en pé de igualdade entre os povos, tendo presente a realidade das nacións sen estado, propugnando a construción dunha Europa na que os povos e nacións que a compoñen participen nas súas decisións.

Defende que a lingua e a cultura, como dúas das manifestacións máis senlleiras da identidade dun povo, sexan promovidas pola Unión Europea, que debe respectar a pluralidade lingüística como un dos seus valores fundamentais, recoñecendo neste senso a oficialidade do galego, euskera e o catalán.

Propugna unha Unión Europea na que se produza unha relación cada vez máis estreita entre os seus povos, propiciando un progreso económico e social conxunto, que debe ter en conta os sistemas e a organización produtiva nas diferentes nacións e debe contribuír á potenciación da diversidade produtiva das mesmas.

Neste marco, a ampliación aos países do Centro e Leste de Europa é unha exigencia ante países que comparten un patrimonio histórico europeo e unha necesaria consecuencia da asunción dun espazo comun desde o Atlántico até os Urais.

### **3. Política lingüística e cultural**

Máis de cincuenta millóns de cidadás e cidadáns da actual Unión Europea son locutores de linguas non estatais, non oficiais na UE. O BNG recorda que a democracia en materia lingüística é unha impostura se non se aposta decididamente polo recoñecemento, como linguas nacionais plenas, do galego e do resto de linguas nacionais europeas.

O BNG proclama, máis unha vez, que o galego e o portugués forman parte do mesmo sistema lingüístico e, portanto, o galego escrito e oral podería ser usado xa en calquer instancia europea. A presenza no Parlamento Europeo do BNG debe constituir a ocasión de novos recoñecementos do galego como lingua nacional e dun especial reencontro co portugués através do uso do galego no espazo aberto polo carácter oficial do portugués.

Defende, enfin, que a cultura veiculada en calquer lingua nacional europea debe gozar das mesmas facilidades de produción, expansión, difusión e publicidade de que gozan as culturas asociadas ás linguas oficiais dos Estados, se se pretende que a Unión Europea ofereza unha cultura plural e respeitosa coa súa diversidade nacional e histórica.

Por todo isto, o BNG defenderá no Parlamento Europeo:

- A admisión como oficiais e como linguas de traballo, non das linguas oficiais dos Estados membros, senón das linguas oficiais nos Estados membros, como primeiro paso para o recoñecemento efectivo de todas as linguas europeas, respectando a proclamada diversidade lingüística da Europa.
- O cumprimento das orientacións contidas na "Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias", na dirección favorable á normalización e usos públicos das mesmas.

- O recoñecemento polas institucións comunitarias do galego e do portugués como parte do mesmo sistema lingüístico, para facilitar o intercambio positivo de produtos, actividades e producións culturais.
- A inclusión en pé de igualdade en todos os programas europeos de promoción do intercambio escolar, lingüístico e cultural da totalidade das linguas europeas, e non só as oficiais dos Estados membros.
- A garantía pola UE da circulación non-monopólica das culturas europeas, a súa oferta libre, plural e non submetida a leis de mercado ferreñas que impeden a recepción e o consumo do que se produce en todas as linguas e sociedades europeas.
- A inclusión -e o estímulo- nos programas de ensino e de investigación do coñecemento e difusión da historia, da literatura, das artes, da música, das rotas turísticas de Galiza, como do resto dos países europeos, garantindo a equidade e a igualdade na difusión e divulgación.
- A edición pola UE, co seu aval e patrocinio, de publicacións e mapas informativos da realidade e da diversidade lingüístico-cultural existente en Europa.
- A disposición pola UE, atendendo ao principio da democratización e da participación activa dos cidadáns e cidadás en materia cultural, dos fondos orzamentarios suficientes para que tais necesidades se solucionen, sempre desde o criterio de protexer máis e con maior intensidade aquelas culturas cun menor desenvolvemento ou maltrato evidente polas Administracións dos Estados correspondentes: máis orzamento, en suma, a quen máis o necesita.
- A UE preverá, disporá e financiará a presenza das linguas europeas non oficiais e a difusión das súas culturas nas redes de comunicación informática, nas televisións, tanto tradicionais como de nova tecnoloxía, e máis en calquer outros suportes comunicativos, en pé de igualdade coas linguas oficiais dos Estados membros.

#### **4. As relacións con Portugal**

A entrada simultánea dos dous Estados peninsulares na CE en 1986 barrou a fronteira entre Galiza e Portugal e deixou aberta a posibilidade de recrear o territorio galego-portugués como un espazo supra-estatal que, con catorce millóns de habitantes constitue un singular continuo urbano, rural e marítimo, que conta cunha dimensión demográfica superior tanto á do corredor do Ebro que une o País Basco, Navarra, La Rioja, Aragón e Cataluña, como á do Mediterráneo peninsular, que comprende Cataluña, o País Valenciano e Murcia, eixos privilexiados nas estratexias de desenvolvemento do Estado español.

A desaparición da fronteira constitue a ocasión histórica para un desenvolvemento compartido. As dúas economías poden encontrar unha complementariedade que vaia máis alá da propia extensión do mercado interno de consumo e incorpore a creación dunha densa rede de relacións interindustriais, de maneira que a relación económica de Galiza con Portugal pode chegar a adquirir unha dimensión relativa que supere á mantida con calquer territorio do Estado español. A fachada atlántica galego-portuguesa ten, por outra parte, capacidade para constituir-se como un relevante eixo de desenvolvemento dentro da Unión Europea, contribuíndo a súa materialización a romper a excentricidade galega, nun tempo de superación das fronteiras tradicionais dos Estados europeos.

Estas posibilidades poden resultar especialmente acrecentadas se Galiza e Portugal se recoñecen como un espazo lingüístico e cultural común, que singularice e diferencie as circunstancias galego-portuguesas das que se poden dar entre outros territorios do Estado español e de Portugal, ou en xeral entre territorios de diferentes Estados da Unión Europea. Para Galiza isto resulta particularmente necesario.

O BNG propugna a elaboración e posta en práctica na próxima lexislatura europea dun Plano de Desenvolvemento transfronteirizo, integrando nel fondos de cada país, propios e procedentes dos Fondos estruturais europeos, e un financiamento especial da Unión Europea, tendo en conta o carácter de territorios obxectivo nº 1 dos países afectados e o valor paradigmático para o proceso de integración europea que supón a colaboración de países de distintos Estados que contan cunha cultura e unha estrutura socio-lóxica comun. Este Plano debería integrar proxectos referentes aos sectores produtivos e infraestruturas de comunicación, servizos e culturais, potenciando especialmente as vías de comunicación do territorio galego-portugués con Europa e o seu carácter como un eixo atlántico europeo de desenvolvemento.

### III. PROPOSTAS ECONÓMICAS E SOCIAIS

#### III. PROPOSTAS ECONÓMICAS E SOCIAIS

##### 1. A política sobre os Fondos estruturais e o Fondo de Coesión

Debido á acción política marxinatora do Estado español Galiza non contou nos anos pasados nen sequer cos Fondos estruturais e de Coesión que lle deberían corresponder como territorio do Obxectivo nº 1. O Goberno Central só destinou a Galiza o 1,3% do Fondo de Coesión recibido polo Estado español desde a creación do mesmo pola UE, destinando-lle, por outra parte, só o 5% dos Fondos FEDER recibidos polo Estado español, cando o país ten o 12% do poboación da Comunidades Autónomas do Obxectivo nº1, isto é, dos territorios aos que van destinados estes Fondos de desenvolvemento das infraestruturas e do tecido industrial.

De feito, Galiza só administra o 1,4% do seu PIB en Fondos estruturais e de coesión, mentres que en circunstancias semellantes, pois todo o seu territorio é do Obxectivo nº 1, Portugal recibe o 3,5%, nunha diferenza que supón para Galiza unha perda relativa anual que se aproxima aos 100.000 millóns de pesetas. A evolución da economía irlandesa, utilizando adecuadamente ese país os Fondos estruturais que lle corresponderon como territorio do Obxectivo nº 1, de maneira que pasou dunha renda por habitante situada no 70% da média comunitaria a superar o 90%, e a de Portugal, onde a rexión Lisboa Vale do Tejo xa superou as condicións desfavorábeis dos territorios do Obxectivo nº 1 e a rexión do Norte ten hoxe unha renda por habitante superior á galega, mostran como Galiza resultou marxinatora non só pola política da CE senón tamén pola aplicación interna da mesma polo Estado español.

Esta situación de Galiza en relación coa política estatal sobre os Fondos estruturais e de coesión pode verse agravada polas medidas aprobadas para a Axenda 2000 no cume do Consello Europeo de Berlín, ao estableceren que estes Fondos, que en 1999 significan o 0,50% do PIB da UE, se reducirán relativamente, pasando a significar só o 0,32% no 2006.

O BNG vai exixir que o Plano de Desenvolvemento de Galiza para o período 2000-2006 e o Marco de Apoio Comunitario correspondente a aprobar pola UE, non volten a ser simples apéndice dos do Estado español, debendo incluír propostas de desenvolvemento sobre o emprego, a modernización do ferrocarril, a renovación da pesca e os acordos pesqueiros, a expansión da produción láctea, a Investigación e o Desenvolvemento, as relacións con Portugal, etc, que respondan a necesidades e retos da economía e da sociedade galegas, incluíndo a aplicación da totalidade dos Fondos estruturais que chegan ao Estado español con destino a Galiza. O BNG defende a aplicación do principio de cooperación na análise e distribución dos Fondos, asociando aos axentes económicos e sociais aos Planos de Desenvolvemento, e a consideración da creación de emprego como obxectivo prioritario.

O BNG reivindica un incremento global dos Fondos estruturais da Unión Europea e a xestión íntegra polas institucións autonómicas das sumas dos Fondos Estruturais e de Coesión que lle corresponden a Galiza.

- No Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Galiza debe contar con todos os recursos para o investimento en infraestruturas e actividades produtivas que, entrando no Estado español, sexan destinados ás CCAA do Obxectivo nº 1, na proporción da poboación galega en relación con tais Comunidades.
- Igu al critério se defende en relación cos fondos destinados á creación de emprego, tendo en conta que Galiza está hoxe situada entre os vinte e cinco territorios de maior nivel de paro en toda Europa.
- No Fondo de Orientación e Garantía Agraria (FEOGA) Galiza debe situar-se como mínimo no nivel dos fondos recibidos polos países do centro de Europa através do FEOGA garantía.
- BNG reclama o incremento e a xestión exclusiva por Galiza dos recursos que lle corresponden do Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP).
- Galiza debe recibir e xestionar recursos estatais do Fondo de Coesión na mesma porcentaxe que lle corresponde no FEDER.

## 2. A Política Agraria

### A política agrícola e gandeira

A Produción Final Agraria galega diminuíu no período transcorrido desde a integración na CE en 1986, nun proceso acompañado dunha forte contracción da renda absoluta do sector, mantendo-se simultaneamente as deficiencias estruturais básicas do mesmo. A renda por traballador segue sendo menor dun terzo da media española e comunitaria, a pesar do esforzo inversor efectuado polos labregos que permanecen no campo e de ter-se reducido a menos da metade a man de obra agraria.

Os Fondos estruturais, como o FEOGA non foron quen de mellorar a situación relativa da economía agraria galega, tendo en todo caso un nivel cuantitativo relativo inferior ao recibido por outros países. De feito, as axudas por ocupado agrario son en Galiza oito veces inferiores á media española e dez veces inferiores á media da Unión Europea; e os fondos da Política Agrícola Comun só aportan en Galiza o 10% da renda agraria, fronte a unha media do 23% no Estado español, que chega ao 50% nalguna Comunidade Autónoma, nivel este semellante ao de Estados como Irlanda, Belxica ou Alemaña.

As decisións tomadas no marco da Axenda 2000 non tenden a remediar estes dados negativos, senón a reforza-los. O cúmulo do Consello de Europeo de Berlin reduciu a previsión orzamentaria para a PAC, por si propia xa restritiva, realizada pola Comisión Europea. Os créditos orzamentarios destinados á PAC reducirán-se nunha porcentaxe que pode atinxir o 10.4%, sendo o sector lácteo un dos principais afectados, ao prever-se unha redución dun 15% dos prezos de intervención do leite, que acabará trasladándose aos prezos de mercado.

O BNG traballará no Parlamento Europeo en favor dunha reforma da PAC presidida polos seguintes obxectivos:

- A redución dos desequilibrios existentes na agricultura comunitaria, posibilitando en concreto que as áreas periféricas, como Galiza, podan desenvolver a súa capacidade produtiva naqueles subsectores nos que teñen vantaxes comparativas a medio prazo.
- A distribución máis equitativa, e con criterios de progresividade social, dos fondos do FEOGA, correxindo a situación actual, na que o 80% dos mesmos segue concentrando-se no 20% das explotacións,

que son precisamente as de maior dimensión e pertencen en xeral aos países con agriculturas máis desenvolvidas, en prexuízo das áreas periféricas, e logrando que os Fondos estruturais se apliquen realmente en Galiza, tendo en conta o seu carácter de territorio do Obxectivo nº 1 e sua vocación e tradición agrária.

- A aplicación en Galiza de iniciativas comunitarias como as Leader e Proder como instrumentos de desenvolvemento, lonxe das actuais prácticas clientelares.
- A reivindicación do exercicio das competencias estatutarias nos fondos destinados ao proceso de modernización do sector agro-alimentario, hoxe deixadas polo Goberno Galego nas mans do Goberno Central, dando lugar a unha falta de previsión orzamentaria e á carencia dun modelo de sistema agro-alimentario propio.

En relación coas Organizacións Comuns de Mercado (OCMs) que afectan máis especificamente a Galiza, as reivindicacións e propostas do BNG responden ás seguintes consideracións:

### **OCM do Leite**

O BNG considera fondamente negativas para Galiza as decisións sobre a OCM do Leite adoptadas no cume de Berlín que aprobou a Axenda 2000. Estas decisións supoñen un incremento da cota asignada ao conxunto do Estado español de só 550.000 toneladas, e aínda así repartidas en 350.000 toneladas para a campaña 2000/2001 e 200.000 toneladas para a campaña 2001/2002. De acordo con esa distribución temporal, Galiza só vería incrementada a súa cota en aproximadamente 180.000 toneladas.

En suma, coas medidas aprobadas a cuota asignada a Galiza vai continuar sendo totalmente insuficiente (moi inferior á produción real que existe xa hoxe). Pero a iso hai que unir ademais que a reforma desta OCM que se aplicará a partir do 2005 será claramente prexudicial para o noso sector lácteo, por tres razóns: a prima que van perceber os gandeiros só compensará parcialmente a caída de prezos (polo que a súa renda verá-se diminuída); dada a forma de cálculo desa prima (por Tm de cuota), a cuantía da axuda/vaca, e aínda máis a axuda/explotación, será aquí moi inferior á media comunitaria; ao ser pagada esa axuda a todas as explotacións, independentemente do seu sistema produtivo, tenderá a primar dentro do sector lácteo europeo as explotacións e zonas con sistemas máis intensivos. Neste senso, trata-se dun sistema de primas regresivo socialmente (cobrarán máis os que teñan máis cuota), e regresivo tamén do punto de vista medio-ambiental (impulsará unha maior intensificación da produción). Ao que hai que acrecentar un último elemento: esa prima non se aplicará á cuota adicional concedida a partir do ano 2000.

Estas decisións constitúen por si mesmas unha auténtica agresión aos intereses agrarios e nacionais galegos. Galiza terá que seguir soportando a ameaza das multas da supertaxa, e non poderá desenvolver a súa capacidade produtiva, como necesita, até situar-se no ano 2008, cando está previsto que se elimine o sistema de cotas, en igual de condicións coas gandeirías lácteas do resto dos países de UE.

Por todo isto, e tendo en conta que a produción media das explotacións lácteas galegas non sobrepasa os 50.000 litros por ano, cando na UE é tres veces superior, o BNG reivindica unha cota que permita que a produción láctea galega aumente, sen limitacións, até que se acade o autoabastecemento no Estado español. Esta perspectiva non só permitiría o necesario desenvolvemento dun sector vital para a economía, senón que posibilitaría ademais o equilibrio social de Galiza, permitindo a incorporación -hoxe impedida pola falta de cota láctea- de mozos e mozas labregos/as ás tarefas agrarias.

## **OCM da Carne**

En relación coa OCM da carne as posicións do BNG parten de diversas constatacións que afectan ao sector vacun galego:

- O actual nivel de prezos é máis baixo en termos absolutos que o vixente hai unha década, prevendo ademais a UE unha caída do 30 % nos anos vindeiros, con obxecto de aproximalos aos practicados no mercado mundial.
- Até hoxe os gandeiros galegos practicamente non reciben primas de bovinos machos, debido á exigencia de que estes animais cumprisen dez meses antes do seu sacrificio, nunha norma contraditoria coas propias das denominacións de cualidade da tenreira galega.
- Os dereitos de prima para vacas aleitantes (nodrizas) son aínda claramente insuficientes para os efectivos gandeiros destas características existentes en Galiza.
- Tendo Galiza aproximadamente o 13% das vacas aleitantes do Estado e máis do 30% das vacas de leite, que dan lugar ao nacemento de aproximadamente 240.000 becerros machos anuais, na actualidade, só percibe arredor de 8.000 primas para bovinos machos, o que supón só o 1.3% das practicadas no conxunto do Estado.
- O sector está abandonado por parte da Consellería de Agricultura ao desvirtuar as funcións do Servizo de Extensión Agraria, que debería ser o centro neurálxico dun sistema eficaz de transferencia informativa e tecnolóxica próximo aos gandeiros para promover unha mellora das condicións de traballo e dos rendementos económicos.

Con estes antecedentes que afectan a Galiza, a reforma da OCM da carne contempla a modificación do actual réxime de intervención a partir de xullo do ano 2002. Esta modificación supón unha caída drástica do prezo de intervención, dun xeito progresivo até o ano 2002, quedando nunha cantidade simbólica a partir de xullo dese ano. Para compensar esta caída do prezo de intervención establece-se unha serie de axudas directas aos produtores de carne, que se instrumentalizan através dun complexo e numeroso sistema de primas.

Para que a reforma da OCM da carne non constitua outro atranco ao desenvolvemento das producións galegas, cumpre que a marxe de manobra que a reforma do réxime de intervención lle outorga aos Estados, se oriente na dirección correcta, así:

Con respecto á prima especial ao cebo dos becerros machos, os Estados poden escoller entre dúas modalidades: a) de xeito xeral, a idade mínima para ter dereito á prima fíxase nos nove meses de idade (na OCM vixente até agora era de 10 meses), b) unha segunda modalidade substitúe a idade por un criterio baseado no peso ao sacrificio, establecendo un mínimo de 185 Kg/canal.

- O BNG defenderá que o Estado español opte pola modalidade baseada no peso, para evitar que, dada a precocidade dos animais de carne sacrificados e as características do mercado galego e español, un número elevado dos becerros cebados en Galiza non teñan acceso a esta prima.
- En relación coa prima por extensificación e a prima suplementar, esta última que cada Estado pode distribuír segundo os seus propios criterios. O BNG defende que as explotacións con base territorial, con produción de becerros ligados ás nais e con adicación á actividade agraria dos seus titulares a tempo completo, sexan consideradas prioritarias e, polo tanto, perciban o máximo permitido para estas primas.
- Neste senso, o BNG considera que para incrementar o número de explotacións susceptibles de ser consideradas prioritarias, debería-se desenvolver un programa específico, incluído no Plano Operativo de

Desenvolvemento Rural (PODR), que contemple o establecemento de gandeirías extensivas de gando vacun de carne naqueles montes veciñais en man común que reunan as condicións idóneas de viabilidade, tanto territoriais como de organización da comunidade.

Con carácter xeral, o BNG defende as seguintes propostas sobre a OCM da carne no seu conxunto:

- O incremento do número de dereitos de vacas aleitantes e a Inclusión das xovencas no cómputo dos dereitos.
- A asignación a Galiza de novos dereitos de cebo, até acadar un nivel de cobertura similar ao promédio da UE.
- O establecemento dun sistema de modulación dos dereitos e das axudas ás vacas aleitantes e ao cebo, en función da dimensión das explotacións, primando as explotacións familiares de tamaño pequeno e mediano.

A inclusión na nova OCM da carne das organizacións de produtores.

### **OCM do viño**

En relación coa OCM do viño, o BNG considera necesario:

- A creación, por parte da Administración, dun Banco de Dereitos de ámbito galego, que evite a drenaxe de dereitos para outras zonas do Estado, debendo-se exercer un estricto control dos fluxos de dereitos, mesmo con limitacións, nas entradas/saídas de Galiza.
- Resulta transcendental a intervención rigorosa e tenaz das institucións nos foros onde se tratan as cuestións que afectan á viticultura galega, e mesmo onde se toman decisións que poden comprometer ao sector.
- A reforma debe tender ao mantimento do potencial produtivo daquelas zonas con vocación vitícola, con apoio decidido á reestruturación –que non reconversión– das explotacións, así como á súa modernización no camiño da calidade e adaptación ao mercado, e á limitación dos excedentes actuando sobre os rendementos.
- O BNG considera imprescindible que o financiamento das medidas que a nova OCM contemple proceda exclusivamente dos fondos europeos, rexeitando toda posibilidade de cofinanciamento que agravaría a discriminación e o desequilibrio pre-existente, neste senso, os módulos de investimento deben estar adaptados á realidade das distintas zonas produtoras.

### **A política forestal**

A política forestal da Unión Europea resulta contraditoria. Valora, por unha parte, as actividades relacionadas cos recursos forestais como básicos, recoñecendo a súa función económica -de tal maneira que a produción das industrias forestais da UE chega a supor o 10% da correspondente ao sector fabril-; a función de lecer como función social fundamental; e a función protectora ou meio-ambiental, afectando á biodiversidade, ao clima, á protección das augas e do solo. Mais, ao mesmo tempo, con decisións que poden afectar negativamente a Galiza, fomenta "a forestación como uso alternativo das terras agrarias" como unha das medidas "complementarias da Política Agraria Común", tendente á "redución da produción agraria excedente". Esta contradición se reproduce na política das institucións públicas en Galiza, que permiten ou potencian o uso forestal non racional de solos de clara vocación agrícola e gandeira, mesmo en terras potencialmente necesarias para a expansión da produción láctea e cárnica.

A política do BNG sobre o sector forestal ten en conta as funcións básicas económica, de lecer e ecolóxica que lle corresponden, tendo en conta a importancia fundamental do mesmo na economía e na socie-

dade galegas. O terreo forestal abranxe 61,66% da superficie de Galiza, supoñendo dentro del o monte madeirábel o 27,34% da superficie galega.

Neste marco, o BNG defende a elaboración e posta en marcha dun Plano Forestal Galego, incluíndo medidas contra os incendios forestais que, sen descoidar de xeito inmediato as tarefas de extinción, poñan o acento na prevención, eliminando as causas de fondo dos mesmos. O Plano Forestal Galego debe contar co financiamento comunitario do Fondo de Coesión e do FEOGA Orientación, ademais do financiamento procedente do Estado e da Comunidade Autónoma. O Plano debería ser administrado desde unha Consellería que integrase as competencias agrícolas, gandeiras e forestais, e estruturaríase a partir das seguintes medidas básicas:

- O outorgamento da prioridade na conservación e formación do patrimonio forestal ás masas boscosa autóctonas, incrementando, ademais o patrimonio forestal público.
- O ordenamento dos usos do monte, procurando un equilibrio entre os aproveitamentos agrícolas, gandeiros e forestais, contando cunha selección das especies adaptadas ás aptitudes produtivas das terras e aplicando criterios de rendibilidade social.
- O fomento da produción de madeiras nobres, mediante a incentivación fiscal e subvencións a fondo perdido con compromisos de mantimento e aproveitamento apropiados.

### **3. A política pesqueira**

#### **Un novo status para Galiza na Unión Europea**

Galiza, por número de capturas, dimensión da súa frota pesqueira e importancia social e económica desta actividade, é unha das principais potencias pesqueiras na UE, mais non conta con representación política directa nos diversos órganos da Unión. Tendo isto en conta:

- O BNG reclama un novo status institucional de Galiza na Unión Europea en materia de política pesqueira, defendendo a presenza directa galega, con dereitos de decisión, e obxección, tanto nos foros comunitarios como en todas as estruturas que regulan esta actividade en pesquerías internacionais: NAFO (Atlántico Noroccidental), NEAF (Atlántico Nororiental), ICCAT (Atun e especies altamente migratorias no Atlántico), CCMCAR (Antártida), SAFO (Atlántico Suroccidental), etc.
- Do mesmo xeito, o BNG defenderá que Galiza participe nas negociacións con terceiros Estados, así como nas comisións mixtas constituídas ao feito para realizar un seguimento dos acordos pesqueiros vixentes.

#### **Unha Política Comun de Pesca non discriminatória para Galiza**

O principio de estabilidade relativa

O principio de estabilidade relativa foi establecido como punto inicial de partida para a formulación da política de xestión de recursos nas augas comunitarias, consagrando o statu quo existente, en función das capturas históricas nesas augas. Pero o feito de ter nacido denantes da incorporación do Estado español á Comunidade desvirtúa absolutamente a súa validez como base regulamentadora dunha política de xestión pesqueira no atinente ás capturas. O só feito de ter-se incorporado un sector pesqueiro fortísimo, capaz e eficiente como é o español -do que o galego é a súa parte máis significativa- invalida e deslexitima a vixencia deste principio. Ademais, nos mesmos termos de política comunitaria, o funcionamento dese principio debería estar sempre condicionado aos principios de fomento do desenvolvemento e de fomento do desenvolvemento rural.

- O principio de estabilidade relativa non debería funcionar de forma que a súa aplicación resulte en detrimento da capacidade produtiva da frota galega, frota que ten cumprido rigurosamente os planos de redución e adecuación deseñados pola Comisión. Polo tanto, non é concebible que a representación política española admita que a actuación derivada dunha defensa instrumental do principio de estabilidade relativa obre á contra dos dereitos da pesca e polo tanto, do país galego. En consecuencia:
- O BNG defende que a aplicación actual dese principio non signifique redución da capacidade produtiva galega.
- Propugna mesmo unha nova Política Comun de Pesca, que conleve a anulación do principio de estabilidade relativa así como unha política de xestión dos recursos pesqueiros que teña en conta como base de partida a capacidade de captura, eficiencia e sostibilidade do recurso en función do sostimento do sector pesqueiro como tal.

### **TAC´s e recursos**

A distribución anual dos Totais Admisíbeis de Capturas ten incidido negativamente nos dereitos de captura da frota galega en augas comunitarias. Ademais, os TAC´s e as cuotas adoecen de tres graves defeitos: son anuais, monoespecíficas e para os Estados membros polo que o recurso a capturar, que é plurianual, pluriespecífico e dun mar sen fronteiras, nen se salvagarda, nen se sostén, nen deixa de ser sobrepescado. A debilidade, case nocividade, do resultado da aplicación da política de TAC,s e cuotas é moi alta. Pode que resulte útil para manter unha entente ou reparto entre os Estados membros pero absolutamente inadecuada para cumprir os fins que persegue, como queda de manifesto na actual existencia de trasposos de cotas entre Estados membros (sabido é que actualmente o reparto mesmo asigna dereitos de pesca a Estados da Comunidade que non pescan). Ante esta situación:

- O BNG defende unha política de xestión de recursos emanada dos órgaos con capacidade legislativa na Comunidade, que teña en conta á hora de fixación do establecemento dos dereitos de captura todos e cada un dos criterios que emanan das características do recurso e da economía pesqueira: recurso multiespecífico, de vida plurianual e recurso susceptible de ser capturado en condicións de eficiencia económica por certas frots das que a galega é a primeira.
- Dado que o proceso que remata na fixación dos TAC se inicia en organismos científicos de orientación sobre o uso chamado sostibel do recurso mariño (International Council for the Exploration of the Sea, ICES,-CIEM), atinxe aos executivos español e galego dar os pasos necesarios para que o resultado final do deseño dos TAC a aplicar - ou mesmo calquer outro sistema de atribución do dereito de captura- non
- O BNG propugna unha distribución máis igualitaria das cotas de captura en augas comunitarias –suprimindo, xa que logo, o "principio de estabilidade relativa" e, executando a prohibición do uso de artes agresivas co meio, como é o caso das volantas.
- Despois da experiencia negativa da Merchant Shipping Act, o BNG defende a supresión das excepcións en materia pesqueira aos principios de libre circulación do capital e dos traballadores na UE, que permitiron o establecemento de condicións discriminatórias a empresas galegas que faenan baixo pavillón británico ou francés.

### **Os Fondos Estruturais aplicados á pesca**

Dado que a política pesqueira comun ten no fondo estrutural IFOP o seu principal instrumento para levar a cabo os seus obxectivos prioritarios, entre os que figura o fomento do desenvolvemento dos territorios menos desenvolvidos (obxectivo nº 1). O BNG reivindica:

- Que o novo deseño dos fondos estruturais que caben na nova programación non sexan en detrimento dos territorios do Obxectivo nº1.

- Que o deseño dos criterios dos fondos (nomeadamente IFOP) non implique a renuncia a dereitos como xa ten sucedido co de pesca en determinadas zonas.
- Que a política dos fondos IFOP sexa dirixida fundamentalmente á renovación da frota e non ao desguace exportación ou paralización definitiva.
- Que o deseño dos criterios de elaboración dos novos fondos estruturais así como da súa aplicación, non esquezan o decisivo papel que o mercado dos produtos da pesca ten no cálculo económico da rendibilidade do sector pesqueiro.
- Que no novo regulamento dos IFOP se manteña a actual proporción de fondos IFOP no financiamento das novas construcións de buques pesqueiros, o mantimento das axudas á constitución de empresas mixtas, non restrinxindo-as ao caso de existencia de convénios con terceiros países, así como o mantimento das axudas ás asociacións temporais de empresas pesqueiras e para a realización de campañas experimentais.
- O BNG defende que o sector pesqueiro galego non deba renunciar aos dereitos de pesca en determinadas áreas para acceder a axudas para novas construcións, e propugna que se manteña a actual proporcionalidade na distribución do pago do canon por licéncia de pesca entre a UE e as empresas armadoras, fronte a unha pretensión hipotética de modificación en prexuízo dos armadores galegos.

### **Mercados**

No mercado interior comunitario nunca funcionou realmente unha OCM de pesca que cumprise os obxectivos de logro dunha certa estabilidade dos prezos, nen mecanismos de intervención efectivos capaces de impedir a caída dos prezos en momentos de crises de demanda, ou ante situacións de costes crecentes. Nas exportacións nunca existiu nada parecido ao tratamento que na PAC se fixaba para as producións agrícolas.

Nos criterios de elaboración dos POP debería-se contemplar a millora do nivel de renda dos produtores, así como o adecuado abastecemento dos mercados de produtos pesqueiros. Ao igual que noutras prácticas comunitarias, debería-se considerar a posibilidade de penalización aos Estados Membros incumpridores dos ditos POP - por falta de redución, por ausencia de realización, por bulra na práctica das directrices comunitarias-. As medidas de regulamentación dos mercados de produtos de pesca nunca foron quen de contribuíren ao funcionamento adecuado do mercado de produtos da pesca.

Estamos, por outra parte, submetidos a unha competencia dos produtos pesqueiros do resto do mundo, ás veces con prezos reflexo dun dumping social e dunha pesca non responsábel.

A actual mundialización do comercio de produtos da pesca non é extraña á comunidade. A realidade é que as importacións do resto do mundo circulan no mercado comunitario sen ningún tipo de traba discriminando certos produtos, certos bens de pesca en certos mercados estatais, é dicir, a OCM puntillamente impede o tráfico pesqueiro do interior comunitario e non é quen de controlar o produto pesqueiro exterior. Ante esta situación o BNG:

- Propón unha acción positiva, con condicións arancelarias máis favorábeis para os produtos procedentes de sociedades mixtas nas que participen empresas galegas, fronte ás importacións de terceiros estados.
- Defende un maior control das importacións (nomeadamente peixe espada, mexillón e salmón) así como unha actuación clara coas importacións doutros estados, especialmente fronte ás prácticas de dumping.

### **Política Exterior Pesqueira**

Por cesión de soberanía dos estados membros, a Unión Europea ten capacidade xurídico-política para asinar acordos pesqueiros con terceiros estados, ou ben para incidir na presenza da nosa frota en cala-

doiros regulados por órganos multinacionais. Ante esta realidade, o BNG defenderá ante a UE os dereitos de pesca en pesquerías hoxe ameazadas (Banco canario-saariano, reclamando a renovación do acordo que expira este mesmo ano entre a Unión Europea e Marrocos, Arxentina, Svalbard, NAFO), naquelas nas que potencialmente pode faenar a frota galega (Sudáfrica, Peru, Antártida, Namibia), ou naquelas outras nas que podemos mellorar as condicións de pesca (Área ICCAT, Océano Índico, Mauritánia, Guinea, etc.

Dado que as capturas en augas comunitarias representan só unha parte das totais efectuadas pola frota galega é fundamental garantir que a política exterior pesqueira da UE responda aos intereses do sector pesqueiro galego, asegurando a mellora ou, no peor dos casos, o mantimento da situación actual da frota en todos os mares do mundo.

Unha política que logre unha base firme de desenvolvemento pesqueiro coa estabilidade que precisan as actuacións económicas.

Nos acordos que se establezan en todas estas zonas deberán asegurarse as seguintes condicións:

- Abandeiramento exactamente igual ao de procedencia
- Durabilidade dos acordos que permitan contemplar as vidas das empresas pesqueiras exactamente igual que calquera outra actividade económica
- Cláusula de renovación automática ou prórroga tácita
- Aplicación práctica ás empresas (buques) pesqueiros comunitarios de bandeira española do principio de cidadanía europea contemplado no Tratado de Amsterdam.

#### **Defensa dos dereitos dos traballadores nas sociedades mixtas**

A Unión Europea considera ás sociedades mixtas, constituídas por capital galego e de terceiros países, sociedades estranxeiras a todos os efectos, aínda cando a participación galega -e polo tanto comunitaria- sexa abrumadoramente maioritaria.

Ademais da redución progresiva do número de traballadores galegos a bordo dos buques pertencentes ás sociedades mixtas, imposta polos países terceiros, o non recoñecemento da cidadanía comunitaria ten importantes consecuencias para os mariñeiros galegos, que se ven submetidos a lexislacións sociais e laborais, na maioría dos casos, menos exixentes que as do propio Estado español. É por iso que:

- O BNG exige o establecemento de garantías de emprego para os mariñeiros galegos nas frots que pertencen a empresas mixtas con capital galego.
- Defende que na creación destas sociedades se garantan os dereitos de protección social (de retiro, xubilación, enfermidade, pensións<sup>9</sup>) dos traballadores actuais de sociedades mixtas.
- Reclama que nos acordos cos terceiros se contemple un apartado referido á seguridade marítima, salvamento, atención médica e recoñecemento de falecidos en naufraxio nas condicións requeridas para o dereito vixente.

#### **4. As redes transeuropeas (RTE): transportes, telecomunicacións, enerxía**

A partir do Libro Branco sobre crecemento, competitividade e emprego, a Comunidade Europea tomou as Redes Transeuropeas (RTE), de transporte, telecomunicacións e enerxía como un dos eidos preferentes de actuación, constituindo en si mesmo un lugar central do desenvolvemento económico.

Mais, a pesar da importancia capital das redes de comunicación e enerxéticas, Galiza non está aínda ple-

namente incluída, nen na realidade actual nen nas previsións para os próximos anos, sendo mesmo marginada expresamente en partes fundamentais das mesmas.

O BNG non acepta a marginación da sociedade e do territorio galegos e reclama a inclusión plena de Galiza nas Redes Transeuropeas, contando cun nivel de participación semellante ao propio dos países centrais da UE.

A participación de Galiza nas Redes Transeuropeas responde ao cuádruplo obxectivo de vertebrar o territorio e a economía da nación, estruturar o territorio transfronteirizo Galiza-Portugal como un dos eixos de desenvolvemento prioritarios da Unión, unir o territorio galego co resto da Península e establecer unha comunicación definitiva co conxunto de Europa. Esta realidade debe plasmar-se nos transportes por estrada, camiño de ferro, marítimos e aéreos; nas telecomunicacións e a informática, comprendendo o desenvolvemento e integración nas redes de banda, e tamén servizos para a industria e aplicacións de carácter social como a educación ou sanidade; e nas redes eléctricas e gasísticas.

O BNG reclama que a materialización da participación de Galiza nas Redes Transeuropeas sexa instrumentada através de Planos plurianuais inscritos no Marco Comunitario de Apoio galego, contando cos Fondos estruturais que corresponden a Galiza como territorio do Obxectivo nº 1, cos fondos comunitarios suplementarios precisos para superar o atraso relativo debido á marginación sufrida da CE e do Estado español, e con fondos a aplicar nun programa transfronteirizo Galiza-Portugal, debendo os dous últimos apartados ser considerados como de especial interese para a Unión, tal como posibilitan os

#### **Regulamentos comunitarios.**

A participación de Galiza nas Redes Transeuropeas debe comprender Planos específicos de desenvolvemento empresarial, especialmente das pequenas e medianas empresas, referentes ás novas tecnoloxías afectadas polas mesmas, contando para iso con fondos de capital risco da Unión Europea.

O BNG reclama que os Planos plurianuais de desenvolvemento para Galiza e, en xeral, para o conxunto da fachada atlántica peninsular, se incluan nos Proxectos Prioritarios da Unión Europea.

No referente ás Redes Transeuropeas de Transportes (RTE-T), o BNG exige a inclusión de Galiza nos Esquemas Directores para o horizonte do ano 2010.

En relación cos camiños de ferro, o BNG reclama:

- A modernización da infraestrutura ferroviaria interna, de xeito que se cumpra o acordo unánime do Parlamento de Galiza para a posta en marcha do Plano Director de Infraestruturas Ferroviarias de Galiza para o ano 2007.
- A unión de Galiza coa Meseta e Europa por Irun Velocidade Alta e Alta Velocidade, enlazando coas conexións cara o centro, o sul e o leste da Península.
- O enlace de Ferrol e A Coruña por Velocidade Alta con Vigo e Porto, conectando en Porto coa rede xa prevista de alta velocidade Porto-Lisboa.
- A interconexión acaída cos portos de interese xeral de Ferrol, A Coruña, Vilagarcía, Marín e Vigo, e a conexión cos principais polígonos industriais e as centrais térmicas de Meirama e As Pontes.

En relación coas estradas:

- O remate da autovía do Cantábrico conectando-a coa autovía do Noroeste, ademais de dispor dun ramal a Ferrol.

- A conexión dunha estrada de grande capacidade entre a autovia das Rias Baixas, en Verín, e as redes portuguesas do norte.
- A conexión das redes de autoestradas e autovias cos tres aeroportos galegos e cos cinco portos de interese xeral.
- No plano do reequilíbrio da rede interna, a construción de autoestradas ou autovias entre Santiago e Ourense e Santiago e a autovia do Noroeste, establecendo así a comunicación rápida entre Lugo e Compostela.

En relación co transporte marítimo:

- Tendo en conta o carácter de Galiza, con 1.400 km. de costa e cinco portos comerciais estratéxicamente situados diante dunha das vías de tráfico marítimo máis importantes do mundo, pasando por diante de Fisterra o 50% do transporte marítimo mundial, reclama-se a conversión do sistema de portos galegos como unha estrutura de transferencia do tráfico marítimo procedente de alén do mar para os países e territorios atlánticos europeos. Xunto a ese labor de redistribución dos tráficoes en unidades de menor tonelaxe, arredor do sistema portuario galego deben-se acometer políticas de desenvolvemento da intermodalidade do transporte, nomeadamente, co ferrocarril, os Centros de Distribución do Transporte e os Aeroportos, en especial no referente á pesca.
- Necesita-se, igualmente, impulsar o desenvolvemento da navegación de cabotaxe entre a rede de portos da Península.

En relación co transporte aéreo:

- A planificación integrada en relación cos portos e o resto das infraestruturas de comunicación galegas.
- O desenvolvemento das conexións directas coas principais cidades da Península.
- O desenvolvemento das conexións internacionais directas, en especial cos países da Unión Europea.

Nas estruturas de intermodalidade:

- A previsión de dous Centros Distribuidores do Transporte: un no eixo Vigo-Ourense, destinado ao Sul e ao oeste máis o norte de Portugal; e outro no eixo A Coruña-Lugo, para a metade norte e o leste do país.

## 5. A política industrial

A Unión Europea non conta cunha política comun positiva, con orzamentos específicos, que abranxa os distintos aspectos dun sector tan básico como o industrial. Mais intervén nel através de diversas vías, mediante políticas de desregulación dos mercados, como as referentes aos sectores eléctrico e gasístico, de incentivación da privatización do sector público empresarial ou de limitación das axudas concedidas polos Estados ás empresas, en especial, ás empresas públicas. Intervén tamén através da aplicación na industria de medidas económicas xenéricas, como os Fondos estruturais ou as derivadas da política de Investigación e Desenvolvemento (I+D).

A política industrial da UE non tende a compensar as desvantaxes iniciais de determinados territorios como o galego, tendo un carácter máis negativo canto que son os estados máis ricos os que apoian máis fortemente a súa industria: Alemaña, Franza, Reino Unido e Italia outorgaron no período 1992-96 arredor do 85% do total das axudas da CE.

Neste marco, Galiza viu-se ademais gravemente agredida por políticas de reestruturación industrial per-

manente aplicadas de forma desproporcionada no seu territorio, que provocaron un proceso de desmantelamento ou declive industrial en ramos básicos da súa economía, cun fortísimo custe en termos sociais e de capacidade produtiva. Así ocorreu na conserva de peixe, a siderúrxia, coa perda de Sidegasa, os fertilizantes, coa perda de Enfersa, o sector naval, no que desapareceu Ascón, sufrindo o resto unha drástica diminución da súa capacidade de produción e emprego con especial transcendencia en Ferrolterra, proscriba para a produción de buques mercantes e perdendo 12.000 postos de traballo. Aínda hoxe Bazán se enfrenta a un novo plano de reestruturación que vai significar a perda de 1500 empregos, incrementando-se as incertezas sobre o futuro de Astano, despois de ter prohibida a construción de buques.

En función de todo isto, a actuación do BNG no Parlamento Europeo terá como finalidade:

- A defensa dos sectores produtivos galegos.
- A oposición e denuncia dos planos de reestruturación consensados pola Comisión Europea co Estado español que lesionen a capacidade industrial galega.
- A eliminación das restricións e da prohibición que de producir buques mercantes sofren os grandes estaleiros.
- O incremento dos Fondos estruturais a recibir por Galiza, de acordo coa súa situación económica
- O impulso á xestión plena dos Fondos estruturais a aplicar en Galiza polo Goberno Galego.
- O impulso dunha orientación dos fondos estruturais que potencie e intensifique as actuacións dirixidas ao desenvolvemento do tecido empresarial, especialmente no segmento maioritario das pequenas e medianas empresas.

## **6. A investigación e o desenvolvemento**

Tanto na Acta Única Europea como no Tratado de Maastricht a Unión Europea asume formalmente a importancia da política tecnolóxica, outorgando-lle á Comisión Europea competencias crecentes neste campo, aínda que respetando o principio de subsidiariedade que se consolida en ambos Tratados. Nos acordos da Unión establececen-se diferentes obxectivos de tipo social, medio-ambiental e político da política europea de ciencia e tecnoloxía que, en todo caso, aparecen dominados pola idea-guia comun de aumentar a competitividade da industria europea en relación coas principais economías mundiais.

O principio de coesión, como principio básico recollido no Tratado, tería que formar parte constitutiva do deseño da política tecnolóxica comunitaria, co obxectivo de reducir as disparidades nas capacidades tecnolóxicas dos distintos territorios da Unión. Mais, a experiencia da última década mostra que non se fixo así. Neste contexto, sen restar-lle importancia a outros aspectos relativos á orientación social e ética da política científica, o BNG considera prioritario incidir na dimensión territorial da política tecnolóxica.

O principal instrumento de política tecnolóxica comunitaria é o Programa Marco de I+D, que inclúe un amplo abano de subprogramas orientados cara a familias específicas de tecnoloxías (información e telecomunicacións, materiais, biotecnoloxías, aero-espacial, etc), tendo unha característica esencial relativa ao financiamento da investigación realizada mediante a cooperación de grupos de investigación pertencentes a diferentes países -cando menos tres-, coordinados por un líder do grupo. Pero as oportunidades ou capacidades para participar nestas estruturas (networks) de investigación non son iguais para todos. De feito, a análise dos datos pon de manifesto unha moi desigual participación segundo o tipo de axentes ou territorios. Así, os tres territorios máis desenvolvidos de cada país captan o 80% dos proxectos do Programa Marco. Tal ocorre no caso do Estado español con Madrid, Cataluña e Eskadi.

O BNG considera que a política europea de promoción da cooperación na investigación e na innovación non pode ignorar a xeografía da mesma, e debe establecer un deseño da Política de I+D que favoreza a coesión e reduza as desigualdades territoriais.

No período 1990-1998, Galiza participou en menos dun centenar de proxectos e na maioría dos casos como sócio relativamente secundario. E aínda así, participou sobre todo nos programas menos importantes e os de menor dotación presupostaria dentro da política da UE. Esta política está volcada nas altas tecnoloxías e nos sectores chamados estratégicos, tendo o Programa Marco de I+D da UE, como consecuencia, dun gravísimo efecto polarizador, contribuíndo a concentrar aínda máis as correspondentes actividades europeas. Tendo en conta esta realidade, non abundaría con que se lle outorgasen a Galiza fondos para infraestruturas ou sociais marxinais se por outro lado os destinados a creación de riqueza para o futuro, isto é, os fondos para innovación, se concentran nos territorios ricos da Unión.

Para corrixir iso, o BNG considera que os territorios periféricos deben reclamar a apertura dos programas de I+D para atender tamén as necesidades da innovación nos sectores chamados maduros, que seguen necesitando grandes esforzos de innovación. É necesario e urxente variar as prioridades e os criterios dos Programas Marco para que poida cubrir realmente as necesidades de innovación dos sectores e actividades predominantes na periferia europea.

Nese mesmo senso a política europea debe estar orientada a construír e fortalecer nos diferentes territorios uns Sistemas Territoriais de Innovación adaptados ás necesidades do desenvolvemento dos seus sectores estratégicos. Tendo en conta as dificultades das PEMES para dotar-se internamente das equipas e servizos tecnolóxicos que os cambios na produción e nos mercados requiren, considera-se que unha actuación esencial para o mantimento da competitividade destas empresas é a dotación da súa infraestrutura de servizos de apoio á innovación, complementando os seus esforzos internos. Unha prestación eficaz desta clase de servizos require unha certa proximidade xeográfica, polo que a creación de redes deste tipo de centros se concibe como unha estratexia territorial. Con ese fin, a UE veu poñendo en marcha diferentes iniciativas que deberían reforzar-se e incluír o apoio non só á construción de edificacións senon tamén á posta en marcha de equipas humanas e proxectos capaces de atender as necesidades das empresas. Unha política tecnolóxica comunitaria guiada polo principio de coesión territorial debe construír-se sobre a diversidade sectorial e territorial, para evitar a crecente polarización da industria europea nun reducido número de territorios deixando ao resto convertidos nun deserto.

A aplicación do principio de subsidiariedade ao deseño e xestión do Programa Marco de I+D debería conducir a resolver centralmente aqueles programas e proxectos que realmente teñen un alcance estratéxico para o conxunto da Unión Europea e deixar para os distintos territorios internos a xestión daquelas medidas de apoio á innovación que non teñen ese carácter.

O BNG considera a ampliación das prioridades sectoriais e a descentralización da política tecnolóxica –asi como das propias actividades de I+D– pode favorecer ao mesmo tempo a coesión e a diversidade, construíndo unha Europa máis estábel e máis flexíbel ante futuros cambios nas industrias e tecnoloxías.

## **7. A política de crecemento económico e creación de emprego**

O BNG defende un cambio nas prioridades da política comunitaria para situar o crecemento económico, a creación de emprego e a coesión social no centro dos obxectivos da UE, convertíndo-os nun eixo articulador de súa actuación económica. O predomínio das políticas negativas de integración dos mercados

das décadas pasadas debe ceder o paso ás políticas positivas de relanzamento da produción, favorecendo o investimento, a innovación e a difusión das novas tecnoloxías e do coñecemento, así como dunha mellora dos ingresos das capas máis desfavorecidas da poboación.

Neste marco, no Tratado de Amsterdam introducíronse textos que, de xeito insuficiente, sitúan por primeira vez o combate contra o desemprego como unha política común, aínda que permanecendo baixo a responsabilidade dos estados membros.

Introducíronse medidas de impulso e control desa política, creando-se un Comité de emprego, e determinando un exame anual da política de emprego polo Consello Europeo, prevendo-se a intervención da Comisión Europea e do Parlamento Europeo, así como do Consello Económico e Social, do Comité das Rexións e do Comité de emprego, e o establecemento de orientacións anuais que os Estados membros terán en conta nas súas respectivas políticas de emprego. Contémplase, por outra parte, a adopción de medidas de fomento para alentar a cooperación entre os Estados membros e apoiar a actuación destes últimos no ámbito do emprego, en particular recorrendo a Proxectos Piloto.

No momento da aprobación do Tratado de Amsterdam, en 1997, Galiza tiña un paro de 211.200 persoas, o 19% do conxunto da poboación activa, cifra que no referente ás mulleres chegaba ao 24,75%, e nos menores de 25 anos ao 36,58%. Tais cifras adquiren toda a súa gravidade cando se comproba que a taxa de actividade galega, isto é, os activos entre os 16 e os 65 anos, non pasaba do 48,35%, mentres que a media europea se sitúa en cifras superiores ao 60%, chegando en países como Suecia ao 70%, e en Portugal ao 66%, o que revela que en Galiza existe un paro oculto e potencial aínda moi superior.

Galiza non pode soportar a política de emprego vixente, despois de sufrir a política derivada do Tratado de Maastricht, aplicada polo Goberno español mediante unha inxusta política de redución do gasto público, que foi a causa inmediata do retraso nos investimentos nas autovías de unión coa Meseta e do abandono da modernización do ferrocarril, da caréncia de medios económicos para as Universidades, ou da venda das empresas públicas como Endesa ou Repsol para cubrir o déficit orzamental, cando en cambio os beneficios conseguidos por esas empresas en Galiza durante as últimas décadas nunca foron investidos en territorio galego.

No combate contra o paro, o BNG considera que deben aplicarse de forma coordinada medidas destinadas a dinamizar a actividade económica, que expandan os mercados e impulsen a produción. Son necesarias políticas que relancen a demanda interna en Europa, dado que non é desexábel que a estratexia de expansión se centre exclusivamente en aumentar as exportacións cara a países que xa presentan un déficit comercial moi importante. A política de relanzamento da demanda require unha acción coordinada dos países que integran a Unión Europea e da propia Comisión Europea.

En todo caso, aínda no marco do Tratado de Amsterdam e das distintas medidas aprobadas no Consello Europeo de Luxemburgo, sería preciso:

- A aplicación en Galiza de medidas destinadas á creación e defensa do emprego, nun proxecto de cinco anos que pretende reducir o desemprego medio na Unión Europea desde o actual 11% ao 7%, o que exige en Galiza a realización dun esforzo extraordinario.
- A aplicación, instrumentando os medios políticos e económicos precisos, das seguintes medidas concretas aprobadas en Luxemburgo: a) O compromiso de ofrecer-lles a todos os xovens, antes de que pasen seis meses en paro, quer un emprego, quer a oportunidade de formación profesional, prácticas

laborais ou outras medidas de inserción profesional. b) O seguimento individual da orientación profesional dos adultos antes de que pasen un ano en paro. c) O ofrecemento de formación profesional para un mínimo do 20% dos desempregados.

- A asunción como obxectivo do Plano de Emprego de Galiza da redución do desemprego en cinco anos a unha cifra porcentual situada entre o 11% que se corresponde coa média comunitaria actual, e o 7%, previsto na UE para o final dese período, obxectivo que de acordo co analizado polo Consello Económico e Social de Galiza, suporía a creación de 168.025 a 213.275 empregos novos na industria e nos servizos no período 1998-2002.
- A elaboración e presentación ante a Unión Europea através dos procedimentos institucionais oportunos, dun Proxecto Piloto para a creación de emprego en Galiza solicitando o financiamento complementario preciso, acollendo-se ao aprobado especificamente no Tratado de Amsterdam.

Máis alá do aprobado no Tratado, e dada que a tendencia espontánea dos mercados leva a que o crecemento económico se localice e surta os seus efectos naquelas áreas que xa están máis desenvolvidas, será necesario que os instrumentos e programas concretos orientados ao crecemento e á creación de emprego incorporen explicitamente obxectivos descentralizadores, diversificadores e de coesión territorial.

A Unión Europea debe adoptar unha política industrial e de emprego que non incremente o grao de concentración do emprego e da riqueza que xa hoxe é moi elevada, nun número reducido de territorios. O desenvolvemento humano dunha sociedade avanzada no século XXI debe estar guiado polo principio de que a actividade produtiva debe localizar-se alí onde se encontran as persoas e non á inversa, creando así as condicións para un desenvolvemento sostible e preservando a diversidade social e cultural que constitúe a mellor riqueza do noso continente.

De acordo con isto, o BNG reunindo os obxectivos de crecemento económico e creación de emprego defende unha política económica baseada en medidas como:

- Programas de investimentos públicos en áreas con necesidades específicas: infraestrutura industrial e inovadora nas áreas menos desenvolvidas; telecomunicacións e infraestrutura de transporte ecolóxicamente sostible; reestruturación de modernización da infraestrutura urbana, etc
- O desenvolvemento dun plano estratéxico de infraestruturas que xunto ás vías terrestres, potencie o transporte marítimo como alternativa de futuro, creando novas condicións para o desenvolvemento e a creación de emprego nas áreas periféricas de Europa. Trata-se de recuperar a Europa marítima fronte á artificiosa Europa das grandes capitais metropolitanas dos Estados.
- Programas de diversificación e modernización dos sectores primarios (agricultura, pesca e acuicultura) co obxectivo de garantir o emprego en áreas rurais e contribuir á conservación do medio natural.
- A reorientación da política industrial e de innovación, actualmente virada de forma case exclusiva cara o apoio dos sectores de alta tecnoloxía, apoiando tamén a modernización e a innovación nos sectores maduros que xeran a maior parte do emprego industrial na Europa e, particularmente, nas rexións periféricas.
- A extensión dos servizos públicos, especialmente os de carácter local e os ligados ao lecer e a protección e coidado do medio ambiente.
- A política de relanzamento que o BNG propugna require tamén unha actuación no campo da política monetaria e financeira. Efectivamente, o BNG alinea-se cos que defenden a necesidade dunha política monetaria activa. O Banco Central Europeu non pode ter como único obxectivo da súa actuación a esta-

bilidade de prezos dado que esa política pode ser disfuncional coas necesidades de estimular o crecemento e o emprego. O Banco Central Europeo ten que estar submetido aos obxectivos das institucións democráticas da Unión e non por riba deles, apoiando, sen prexuízo do obxectivo de estabilidade de prezos, as políticas xerais da Comunidade"

- A adopción de medidas fiscais que permitan afrontar con rapidez e flexibilidade os problemas dos países que padezan dificultades especiais en termos de emprego ou de outros desaxustes económicos conxunturais debidos aos "shocks asimétricos". Os poderes públicos deben poder reaccionar de forma apropiada ás dificultades coas que eventualmente poda confrontar-se a súa economía e iso require que se superen as restricións que se lle impoñen aos déficits públicos das Administracións integradas na Unión Económica e Monetaria. Máis aínda, o BNG propón a creación dun Fondo de Emerxencia a nivel comunitario, para atender as necesidades financeiras daquelas economías con alto paro que sufran de forma transitória "shocks asimétricos" especialmente intensos, debidos á súa especialización sectorial en actividades que atravesen unha fase recesiva a nivel mundial e que requiriran unha intervención pública especialmente decidida para a súa recuperación ou para acometer actuacións para a diversificación e posta en marcha de novas actividades.

## **8. A protección da saúde**

A función da Unión Europea no ámbito da saúde, aínda que toma interese na promoción da protección, non define nidiamente as medidas unificadas en materia de sanidade dos Estados membros, quedando fundamentalmente en declaración de intencións ou ben recomendacións da Comisión Europea. Nesta liña de traballo criaron-se oito programas diferentes en materia de saúde, así como outro tipo de actividades dirixidas a facer exposicións comúns contra o cancro, a sida, así como a loita contra a toxicomanía ou ben a establecer estudos de avaliación sobre a situación ou estado sanitario da Unión Europea.

Desde a óptica do BNG debería establecerse unha política en materia sanitaria máis definida, que incidise fundamentalmente no establecemento de directivas de obrigado cumprimento. Por outra parte, os novos ámbitos de traballo, a incidencia dos aspectos colaterais propiciados polo desarraigamento e conseguintes aparicións de patoloxías específicas, exigirían unha lexislación vinculante en materia da protección da saúde e a seguridade na lexislación laboral.

O BNG presentará como fundamental a potenciación da importancia da saúde para o benestar das persoas poñendo en evidencia aquelas contradicións que se están a dar dentro dos Estados membros que, influenciadas polo aumento dos custos sanitarios, promoven fórmulas de xestión que reforman os actuais regulamentos dos sistemas nacionais de saúde. É tarefa fundamental rexeitar estas presións contraditorias non perdendo de vista a prioritaria necesidade de afortalar as políticas potenciadoras da saúde.

É tarefa prioritaria denunciar a evolución e reforma dos sistemas sanitarios, manifestada na privatización encuberta da rede sanitaria pública. Cumpre pois que os Estados membros da Unión Europea tomen en consideración este fenómeno estudando as reformas, reparto dos recursos, tendencias en materia de custe e financiamento dos sistemas sanitarios públicos e os privados, estes en moitos casos potenciados con recursos públicos en detrimento do afortalamiento dunhas redes sanitarias públicas con carácter de asistencia universalizada.

## 9. As políticas educativas na Unión Europea

O BNG defenderá no ámbito europeo unha política educativa, destinada a conseguir unha sociedade plural, respeitosa e solidária, mellorando as condicións de vida tanto individuais como colectivas. Unha política educativa ao servizo de Galiza, non discriminatória nen sexista, para a paz, a solidariedade e a xustiza, para protexer o medio ambiente, para a saúde, a reflexión e a creatividade.

Neste marco, o BNG orientará a súa acción en materia educativa no Parlamento Europeo desde unha dupla perspectiva:

- A procura do desenvolvemento e capacidade expansiva das propias potencialidades tanto no ámbito cultural como no do coñecemento.
- A incorporación do sistema de coñecementos e novas tecnoloxías que permitan unha superior formación das persoas, convertindo o sistema educativo galego nun medio para desenvolver tanto o tecido productivo como a capacidade intelectual da sociedade galega.

O BNG procurará investimentos e programas que potencien a súa cultura e favorezan o desenvolvemento da súa comunidade científica e da súa estrutura económica de Galiza. O BNG procurará a superación da política do Goberno galego, que mantivo unha cultura sen normalizar e unha comunidade científica e investigadora subordinadas e excesivamente dependentes de proxectos dirixidos desde centros de decisión externos, non sendo quen de aproveitar axeitadamente os investimentos europeos nestas áreas através da formulación dun plano galego de formación e investigación en colaboración co mundo empresarial e orientado a potenciar o tecido productivo e os valores científicos e culturais.

Tendo en conta que na política educativa determinadas accións exixen participación de dous ou máis países, o BNG establecerá alianzas tácticas que permitan a execución de programas conxuntos:

- Solicitando un deseño de programas relacionados co desenvolvemento do tecido productivo galego, nomeadamente co sector agrario, pesqueiro e industrial, con especial interese no desenvolvemento das PEMES.
- Incrementando o número e a participación en programas de loita contra a exclusión e a formación da mocidade para facilitar o acceso ao emprego.
- Fomentando a execución de programas de desenvolvemento en relación con Portugal.
- Potenciando a participación e execución de programas de acción conxunta entre o mundo da investigación académica e o mundo empresarial, nomeadamente através da participación nas redes de formación especializada.
- Impulsando a participación nos programas de educación e formación a distancia.

O BNG defende a intensificación e ampliación da participación da comunidade educativa galega nos programas Sócrates e Leonardo, destinados respectivamente a desenvolver unha educación de calidade nun espazo europeo aberto á aprendizaxe mediante a cooperación e a mobilidade físicas e á mellora dos sistemas de formación profesional, afectando ao estudantado, profesorado e técnicos de educación.

Ampliar tamén a participación no programa "A mocidade con Europa", destinado a intensificar a cooperación entre a mocidade europea fora do marco formal da ensinanza e a formación.

## 10. A protección do medio ambiente

Ao longo dos últimos vintecinco anos as iniciativas comunitarias en materia de medio ambiente sucederon-se de forma relativamente dispersa pero intensa, conformando un conxunto de medidas de certo alcance, especialmente para aqueles países con menor tradición política de protección ambiental. Hoxe, as iniciativas e lexislación comunitarias configuran a práctica totalidade do entramado de protección ambiental que deben cumprir as Administracións, empresas e cidadáns e cidadás galegos. A protección do medio ambiente é tida en conta especificamente entre os obxectivos do Fondo de Coesión da Unión Europea.

O BNG establece as seguintes propostas de acción xeral ante a política de protección ambiental da Unión Europea, necesitadas dunha actuación coordinada nos ámbitos galego, estatal e comunitario:

- O fomento de iniciativas en Galiza que condicionan os estándares de protección ambiental da UE e sectores económicos de interese específico galego.
- A reivindicación de partidas pertencentes aos Fondos de Coesión e a outras vías de financiamento comunitarias para investimentos destinadas á posta en marcha das medidas de protección establecidas na normativa comunitaria, actuando para iso tanto ante ás instancias comunitarias como ante o propio Goberno central, responsábel da distribución interna de boa parte deste financiamento, de maneira que se elimine o actual desequilibrio que afecta negativamente a Galicia.
- Redefinición dos obxectivos da política comunitaria de medio ambiente en función dos problemas ambientais propios de Galicia, e combate da deixación das súas competencias ambientais por parte da Xunta de Galiza, que practica através da Consellería de Medio Ambiente nuha política de sumisión aos intereses das empresas enerxéticas e forestais non aplicando sistemáticamente a normativa comunitaria de obrigado cumprimento.
- Artellamento dun sistema efectivo de control da aplicación das medidas previstas na normativa comunitaria de medio ambiente establecendo canles de comunicación e información dinámica en relación coas institucións comunitarias.
- Adopción da directiva de control integrado da contaminación, coa finalidade de simplificar e mellorar os controis administrativos sobre as empresas: redución de trámites de autorización, axilización dos procedimentos, melloras nos controis.
- Aplicación efectiva da normativa de avaliación de impacto ambiental aos proxectos públicos e privados con repercusións no medio, mellorando as previsións sobre a redacción do estudo de impacto, as relacións transfronteirizas e as medidas correctoras dos impactos. Axilización do procedemento e inclusión de actividades agora non sometidas a avaliación.
- O BNG seguirá a promover unha política de recollida selectiva dos residuos, dirixida á redución, reutilización e reciclaxe, de acordo cos principios comunitarios, fronte á política de incineración dos residuos practicada polo actual Goberno da Xunta de Galiza.

## 11. A igualdade entre homes e mulleres

Na política europea de igualdade entre homes e mulleres, o BNG considera necesaria unha lexislación axeitada, medidas de avaliación e corrección ou de denuncia das discriminacións, mais tamén un cambio de actitudes, de mentalidades, e de comportamentos.

As propostas de intervención, directivas e ditames do Consello Europeo relativas á posta en práctica de políticas igualitarias son numerosas, tanto, que a propia Comisión Europea tivo que avaliar negativamente os seus resultados, ao non seren postas en práctica por moitos dos Estados membros da Unión. Neste senso, na Decisión do Consello de 22 de decembro de 1995, relativa a un programa de acción comunitario a médio prazo para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (1996-2000), que sería o Cuarto Programa deste tipo, afirma-se que "a pesar dos esforzos realizados(..)segue habendo desigualdades, especialmente no que afecta ao emprego das mulleres e á remuneración do seu traballo".

Este recoñecemento vén cuestionar a posta en práctica destas políticas e a necesidade de que o Parlamento Europeo se interese, através do seguimento lexislativo, executivo e xudicial, polo cumprimento dos estados membros de todas as directivas e de toda a lexislación que se ten acordado neste senso.

O recoñecemento da situación de discriminación da muller para o acceso ao traballo ou o mantimento do que xa ten aparece, igualmente en diferentes consideracións dos Tribunais dos Estados que forman a Unión e mesmo do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.

Trata-se, xa que logo, de obter un compromiso que supere a mera declaración formal de principios non discriminatorios, pois xa hai abondo xurisprudencia europea sobre á igualdade de retribución polo mesmo traballo, a igualdade de trato para o acceso ao emprego, a formación, a promoción profesional, as condicións de traballo, a seguridade social, etc. Debe-se, pola contra, avaliar as situacións reais e adoptar medidas que realmente contribúan aos obxectivos adoptados polos Consello Europeo.

Así, o BNG asume o compromiso de observar, en especial desde a acción no Parlamento Europeo, se os estados membros, e, dentro deles, o Estado español e Galiza en particular, asumen na práctica estas decisións:

- Promover a integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en todas as políticas e accións.
- Mobilizar os axentes da vida económica e social para acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres sobre todo nos ámbitos da educación, da formación profesional e do mercado de traballo.
- Conciliar as vidas profesional e familiar de homes e mulleres.
- Promover a participación equilibrada dos homes e das mulleres na toma de decisións.
- Fortalecer as condicións de exercicio dos dereitos á igualdade.

O BNG compromete-se a realizar un seguimento e avaliación de medidas lexislativas máis recentes, que tratan temas específicos de saúde e de seguridade no traballo das mulleres que agardan fillos, proíbe o despedido por razóns de maternidade e garante un período mínimo de catro semanas de baixa por esta causa, denunciando o incumprimento destas directrices e propondo melloras na consideración social e valoración da maternidade.

O BNG considera que se debe continuar o labor desenvolvido por iniciativas que promocionaban a creación de empresas de mulleres ou que apoiaban a promoción das mulleres en ámbitos como o rural, un dos sectores que xustamente está provocando na poboación feminina galega un gravísimo incremento do paro.

O BNG considera como prioritaria a loita contra a violencia e as agresións a mulleres, apoiando todas aquelas reformas legais que camiñen cara á necesaria protección das vítimas e apostando por campañas propagandísticas nos grandes medios de comunicación para erradicar a violencia de xénero.

## 12. A política para a mocidade

As medidas políticas dirixidas particularmente á mocidade desde a Unión Europea non se fundamentan na diversidade nacional, cultural e social dos países europeos, nen os problemas reais da mocidade, centrando-se fundamentalmente na uniformización dos sistemas educativos e da formación técnico-profesional desde unha visión eurocéntrica e neoliberal dos problemas, concebindo á mocidade como receptor propagandístico dun proceso de adoutramento acrítico sobre o propio modelo actual da Unión Europea, usando para este fin diferentes instrumentos: redes de información, proxectos de intercambio entre asociacións, mobilidade do estudantado, etc.

Tendo en conta que a situación de Galiza no marco da Unión Europea condiciona á propia posición da mocidade galega, o programa que orientará a acción do BNG no Parlamento e no conxunto das institucións da UE baseará-se nos seguintes criterios e propostas:

- O impulso institucional de políticas xuvenis de carácter integral, abranxendo todos os problemas que afectan á mocidade, aplicando tamén os principios de interdepartamentalidade e participación xuvenil no seu deseño.
- A promoción da integración da mocidade na vida social, económica, política e cultural das diferentes nacións, potenciando a súa participación e auto-organización social con medidas de apoio e impulso do asociacionismo xuvenil
- O reforzamento do papel dos Consellos da Xuventude e organismos de participación xuvenil como órganos consultivos para o deseño das políticas de xuventude desde as diferentes institucións.
- A eliminación de requisitos restritivos para a realización de intercambios xuvenis e estudantis baseados na promoción dunha visión acrítica e uniformizadora da Unión Europea.
- A modificación do papel que na actualidade está a padecer a mocidade no mercado laboral, adoptando medidas dirixidas a reducir o desemprego xuvenil e a precariedade e inestabilidade laboral. A defensa de fórmulas de contratación que garantan a estabilidade.
- A adopción de medidas dirixidas a eliminar a discriminación salarial por razón de idade e o traballo infantil. A garantía de dereitos laborais para a mocidade emigrada.
- O apoio á formación técnico-profesional da mocidade de acordo coa realidade e a potencialidade económica de cada nación.
- A inclusión dos compoñentes formativo-profesionais dentro dos contidos académicos de carreiras universitarias e estudos profesionais, modificando as directivas actuais dirixidas a prolongar os periodos de capacitación profesional e prácticas posteriores ao remate dos estudos, que provocan o retraso no acceso da mocidade ao mercado laboral.
- A modificación da consideración positiva actual e do seu potenciamento como saída laboral, da mobilidade entre zonas xeográficas da U.E., coa que se pretende xustificar a emigración. A defensa dunha política de creación de postos de traballo sobre a base do desenvolvemento endóxeno das diferentes economías nacionais que garanta as posibilidades de traballo no propio lugar de procedencia.
- A elaboración dun programa desde a Unión Europea acordado con outras institucións e con entidades

financeiras, dirixido a facilitar o acceso da mocidade á vivenda en réxime de compra e aluguer, aplicando criterios progresivos de graduación en base á renda.

- A promoción de programas encamiñados a xeneralizar entre a mocidade hábitos de vida saudábeis, a facilitar información sobre sexualidade e a prever as consecuencias da drogadicción.
- A presenza de Galiza nas actuais redes de información xuvenil e a modificación das súas funcións, de forma que deixen de constituir instrumentos propagandísticos de ideoloxización no modelo actual de Unión Europea. A garantía de pluralismo, eficiencia e facilidade no acceso á información de maior interese xuvenil e participación do asociacionismo xuvenil como axente xerador de información.
- A promoción através de programas educativos, redes de información e programas de actuación dos seguintes valores entre a mocidade:
  - O respecto da pluralidade cultural, social e económica existente, partindo da concepción de Europa como o conxunto e suma das súas identidades nacionais.
  - O fomento da paz e da non violencia.
  - A defensa do medio-ambiente natural.
  - A non discriminación das mulleres.
  - O respecto ás diferentes opcións sexuais.
  - O rexeitamento do racismo e a xenofobia.
  - A promoción da participación e cooperación social fronte ao individualismo.

### **13. A defensa do estado do benestar e dos dereitos democráticos e sociais**

No marco da defensa do estado do benestar e dos dereitos democráticos e sociais, e no mesmo senso das políticas referentes á igualdade entre mulleres e homes, á sanidade, á educación, ao emprego, etc, e conscientes de que na acción política correspondente interveñen progresivamente ámbitos de decisión da Unión Europea, o BNG levará adiante unha acción destinada a:

- Conservar e ampliar as conquistas referentes ao sistema público de seguridade social e á protección social e económica dos parados.
- Mellorar o acceso á cultura e á información
- A práctica de políticas de tolerancia, igualdade e concienciación social fronte a todas as discriminacións raciais, étnicas, persoais ou sociais, e á promoción dos valores antimilitaristas.
- Favorecer a integración dos inmigrantes e defender o dereito de asilo.
- Impulsar os programas contra a pobreza e a exclusión social.
- Defender os dereitos humanos e a igualdade entre todos os povos.

